



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica


galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 19/11/2013 09:45:36

SAÍDA 110223 / RX 733495



DIEGO GONZÁLEZ LESTA
ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE
LUGAR SOUTO, 8, BAIXO, SIGRÁS
15181 CAMBRE (A CORUÑA)

Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos con da **ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE**.

Examinado o expediente de solicitude de inscripción da modificación dos estatutos con cambio de denominación e de enderezo da **ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE**, inscrita co **núm. 2004/007716-1** neste Rexistro Central de Asociacións, e tendo en conta os seguintes

FEITOS:

Primeiro. Con data 21/10/2013 recibíuse a solicitude presentada por DIEGO GONZÁLEZ LESTA, secretario da asociación, para a inscripción da modificación dos estatutos, aprobados por acordo da Asemblea Xeral en data 22/03/2013, segundo consta na certificación que acompañan á solicitude.

Segundo. Os estatutos presentados, que substitúen aos anteriormente inscritos, conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Consta como novo domicilio da asociación o seguinte: Lugar O Souto, núm. 8, baixo, Sigrás, C.P. 15180 de Cambre (A Coruña).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver a inscripción solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro sobre asunción de funcións e servizos, pola Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións, Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 72/2013, de 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Segundo. A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establece no artigo 28 que deben inscribirse no correspondente rexistro as modificacións dos estatutos, e o Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, regula no artigo 10 a documentación que debe presentarse para a inscripción da modificación dos estatutos.

Terceiro. Analizada a documentación que consta no expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente para a súa inscripción no Rexistro de asociacións desta Comunidade Autónoma

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Visar os estatutos modificados e ordenar a súa inscripción no Rexistro de Asociacións, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo de un mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2013

A secretaria xeral técnica

Vº e praxe,
A subd. xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e
de Recursos Humanos

Victoria Nuñez López

Beatriz Cuiña Barja



Estatutos

SEMENTEIRA CAMBRE

Preámbulo.

Debido á necesidade de adaptarse a Lei Orgánica 01/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación fíxose unha reforma dos Estatutos sociais que só tivo en conta esa necesidade. Por outra banda a intensa actividade da asociación, así coma a escaseza de recursos e tempo dos directivos que a xestionaban non permitiu abordar as cuestións que se reforman con esta modificación estatutaria. Entre eses asuntos podemos mencionar a denominación social, o domicilio social ou a constitución da propia Xunta Directiva. Dende o seu nacemento está asociación tiña entre os seus cometidos divulgar a arte galega en todas as súas manifestacións, e no seu momento materializouse nunha escola cun grupo de danza con gaiteros e bailaríns e outras actividades relacionadas co folclore galego. No eido da música foise máis alá e chegou a ensinar solfexo e instrumentos musicais, mentres a danza por diversos motivos foi deixándose. Na actualidade dedícase máis ao fomento da música. Xestionase unha escola de música e unha banda, que é outra actividade que en Galicia contribúe a promover o mundo da música dentro das vilas, aldeas e cidades galegas. Na reforma efectuada na Asemblea Xeral Extraordinaria de 22/05/2004 –estatutos visados o 15/09/2004 co nº de rexistro 2004/007716-1(SC)- contemplouse parcialmente esta cuestión modificando os fins sociais, pero non a denominación.

No domicilio social elimínase o número de teléfono que na actualidade nada ten que ver coa asociación.

Outro tema de vital importancia é a constitución da Xunta Directiva, onde non se tivo en conta que podería ter un número par de compoñentes o que no momento de realizar votacións podería supoñer un empate, resolvéndose sempre co voto de calidade do presidente. Como na maioría das institucións democráticas, parece importante que a Xunta Directiva debe ter un número impar de compoñentes para evitar ese empate a priori. Tamén se engade algunha competencia nova da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva. Por último, outro tema que se reforma afecta aos asociados. Modifícase a forma de admisión de asociados e a posibilidade de ter asociados numerarios que sexan tamén honorarios. A admisión de asociados faise dun



xeito máis automático, para axilizar este trámite e reservar os acordos expresos da Xunta Directiva para outras deliberacións.

Capítulo I.

A Asociación en xeral.

Artigo 1º.-

a) Denominación: Esta asociación se denomina **SEMENTEIRA CAMBRE** con C.I.F. G-15.072.606.

b) Esta asociación rexerese por estes Estatutos, pola Lei Orgánica 01/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e polo resto da Lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

c) Esta asociación carece de ánimo de lucro e inscribírase no Rexistro correspondente.

Artigo 2º.-

O domicilio principal e permanente da asociación radicará no lugar O Souto, 8 baixo, 15181, Sigrás - Cambre (A Coruña).

O cambio do domicilio social é unha atribución exclusiva da Asemblea xeral de socios, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociación.


Artigo 3º.-

A asociación exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Artigo 4º.-

a) A asociación constitúese por tempo indefinido. Só se disolverá pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente. Neste caso terase en conta o disposto nestes estatutos.

b) A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do Ordenamento Xurídico.



Artigo 5º.-


a) Son fins principais da asociación:

- 1- Fomento e promoción da música.
- 2- Mantemento e promoción dunha banda de música.
- 3- Mantemento e promoción dunha escola de música.



b) Para levar a cabo os seus fins, poderá organiza-las seguintes actividades:

- 1- Impartir formación de linguaxe musical, instrumentos e música de banda.
- 2- Participar en eventos culturais coa banda de música.
- 3- Organizar, realizar, desenvolver ou participar en calquera outra actividade musical.




c) Os beneficios que se obteñan destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poida repartir entre os asociados nin noutras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



Capítulo II.


Asociados.




Artigo 6º.-

a) Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:


- 1- Teñan a maioría de idade.
- 2- Sexan pais de alumnos que estuden na Escola.
- 3- Calquera que queira colaborar coa asociación e sexa admitida a súa solicitude.



b) Poderán ser integrantes da asociación na súa sección infantil, os menores non emancipados de máis de catorce anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.




c) Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva. A solicitude deberá facerse por escrito. Se non houberse acordo expreso da Xunta




Directiva, entenderase admitido o novo asociado desde o momento en que ingrese a primeira cota.

Artigo 7º.-



Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:


- 
- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
 - b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da Acta Fundacional.
 - c) Honorarios, aquelas persoas físicas ou xurídicas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.
 - d) Infantís, aquelas persoas menores de idade integradas na sección infantil e que participen na asociación.

Artigo 8º.-




a) A condición de asociado numerario pérdese:

- 1- Por vontade propia.
- 2- Por falta de pagamento de 3 cotas de asociado, ou dunha actividade.
- 3- Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen aos intereses da asociación, previo expediente disciplinario.
- 4) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.



b) A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados 2) e 3) do párrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria. A condición de socio honorario só se perderá se fai un dano ou prexuízo á Asociación ou ao interese xeral.

Artigo 9º.-




Os asociados e asociadas numerarios e fundacionais teñen os seguintes dereitos:


- a) Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral., de acordo cos Estatutos.
- b) Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.




ASOCIACIÓN DE AGRICULTORES DE CAMBRE



c) Ser oído previamente á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos fallos que dean lugar ás ditas medidas. O acordo que, no seu caso, impoña a sanción debe estar motivado.




d) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que se estimen contrarios á lei ou aos estatutos.



Os asociados e asociadas honorarios e infantís non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela, pero están facultados para asistir as Asembleas Xerais con voz, pero sen voto. Un socio honorario, poder ser numerario polo que rexerían todos dereitos e obrigas deste tipo de asociados.


Artigo 10.-

Son obrigas dos asociados e asociadas:

- 
- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
 - b) Pagar as cotas que se establezan na Asemblea Xeral.
 - c) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
 - d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
 - e) Acatar o contido dos Estatutos.
 - f) Ter unha boa conduta cívica.

Capítulo III.


Órganos da Asociación.





Artigo 11º.-

A dirección e administración da asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.


Artigo 12º.-

- 
- a) O Presidente da asociación será elixido na Asemblea Xeral polos asociados. Esta facultade poder ser delegada na Xunta Directiva, que o elixirá de entre os seus membros. O seu mandato será por catro anos. Poderá renovar o seu cargo. Será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.



b) O Presidente terá as seguintes atribucións:


- 1) Representar a asociación diante de calquera organismo público ou privado.
- 2) Convocar e presidir as deliberacións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- 3) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- 4) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- 5) Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.



Artigo 13º.-

a) A Xunta Directiva estará formada necesariamente por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e un mínimo de 3 e un máximo de 6 vocais.

b) Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta. Os gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación poderán ser abonados. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.




c) A Asemblea Xeral será a competente para elixir or cargos da Xunta Directiva e poderá delegar está facultade nos membros elixidos para o dito órgano.

d) A duración do cargo será por un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

e) Os cargos cesarán na súa función por:

- 1) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- 2) Renuncia voluntaria.
- 3) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- 4) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado polos tres cuartos dos asociados reunidos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para o tal efecto.







Artigo 14º.-

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:


- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.




- 
- 
- 
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
 - c) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
 - d) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
 - e) Propoñer a Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
 - f) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
 - g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
 - h) Resolver sobre a solicitudes de ingreso de novos asociados.
 - i) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
 - j) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
 - k) Repartir os cargos directivos por delegación da Asemblea Xeral.
 - l) Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.




Artigo 15º.-

- 
- a) A Xunta Directiva será convocada polo Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.
 - b) Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría da votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente e o Secretario ou Vocal que o substitúa. O secretario ou, no seu defecto, o Vocal que o substitúa, levantará a acta das sesións, que se transcribirá ao Libro de Actas.

Artigo 16º.-




Poderán constituírse comisións de traballo coa finalidade de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recadar informes, estudos, ou apoio.



Os membros da Xunta Directiva designarán o presidente das comisións que se constitúan así coma os asociados que poderán participar nela.




REGISTRO DE ASOCIACIÓN
GIANTILÓN VIEGO



Artigo 17º.-

A Asemblea Xeral de asociados é o órgano de expresión de vontade da asociación e estará formada por todos os socios. O presidente e o secretario da Asemblea serán tamén o presidente e o secretario da Xunta Directiva.




Artigo 18º.-

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o dez por cento dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizados coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19º.-


A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase no primeiro trimestre do ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con quince días de antelación polo Presidente da Xunta Directiva.



A notificación farase nos locais da asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas Extraordinarias.



Artigo 20º.-

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- 
- Aprobar o plan de actividades da asociación.
 - Exame e aprobación das Contas e Balance do Exercicio Anterior.
 - Aprobar os presupostos de Ingresos e Gasto para cada exercicio.
 - Exame e aprobación das Cotas de Socios.


Artigo 21º.-

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:



- 
- Modificar os estatutos da asociación.
 - Elixir e cesar os membros integrantes da Xunta Directiva. Poderá delegar o reparto de cargos na propia Xunta Directiva.
- 




REGISTRADO CULTURAL DE ASOCIACIÓN
ESTABELECIMIENTO

- 
- c) Aprobar a federación con outras asociacións.
 - d) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
 - e) Acordar a disolución da asociación.
 - f) Designar os/as liquidadores/as.
 - g) Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
 - h) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
 - i) Aprobar o regulamento de Réxime Interno da asociación.
 - j) As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poida espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
 - k) Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.


Artigo 22º.-


- 
- a) A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na Primeira Convocatoria ou transcorrida media hora en Segunda Convocatoria, con calquera número de asistentes pero, en todo caso, coa presenza do Presidente ou Vicepresidente e o Secretario ou Vocal que o substitúa.
 - b) Os socios poderán participar con voz e voto nas Asembleas Xerais. Poderán facerse representar por outro socio mediante carta poder diante do Presidente da Asemblea, antes de comezar a mesma.
- 

Artigo 23º.-




Os acordos adoptados deberán ser polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados a), c), d), e), f), g), do Artigo 21º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó Libro de Actas e asinará o Presidente, e o Secretario da Asemblea. A acta deberá se lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobadas por maioría dos presentes.






Artigo 24º.-

Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes.




As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea Anterior que deberá ser aprobada.



Posteriormente o Secretario procederá a presentar a Orde do Día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes asuntos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.


Artigo 25º.-

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a Xurisdición Ordinaria.




Artigo 26º.-


O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente. O Secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.





Artigo 27º.-



a) O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas e balances.




b) O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario co fin de que as contas estean a disposición do membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.




Artigo 28º.-

Os vocais terán a seguintes atribucións:

- 
- a) Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
 - a) Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Capítulo IV

Réxime económico.




Artigo 29º.-

A asociación dispón dun patrimonio instrumental variable. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.




Artigo 30º.-

A asociación funcionará en Réxime de Presuposto Anual, con partidas diferenciadas de Ingresos e Gastos. O borrador do presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá de telo preparado antes da realización da Asemblea Xeral Ordinaria na que deberá ser aprobado.




Artigo 31º.-

A asociación manterase cos seguintes recursos:

- 
- a) As cotas anuais dos asociados.
 - b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
 - c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
 - d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
 - e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
- 
- 




ASOCIACIÓN DE CULTIVADORES DE GAMBRE




Artigo 32º.-

A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación. As cotas recadadas só serán devoltas nos caso de erro ou nos supostos que debidamente motivados a Xunta Directiva decida.




Artigo 33º.-

Anualmente elaboraranse as contas. A memoria que as recolla estará a disposición dos asociados con 15 días de antelación á Asemblea Xeral Ordinaria na que deberán ser presentadas e aprobadas.



Artigo 34º.-

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias serán necesarias as sinaturas conxuntas de dous dos seguintes membros: presidente, vicepresidente e tesoureiro.




Artigo 35º.-

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola asociación.


Capítulo V

Regulamento de réxime interno.



Artigo 36º.-

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos. Entre outras o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva, o procedemento disciplinario, e todos os protocolos, procedementos e normas que rexan o seu funcionamento. O funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil e todas as normas aprobadas por esta asociación respectarán o establecido nestes estatutos.



Capítulo VI

Modificación de estatutos e disolución da asociación.

Artigo 37º.-

Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas dúas terceiras partes dos asociados asistentes. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 38º.-

A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas dúas terceiras partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 39º.-

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente, e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.


Artigo 40º.-

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Disposición transitoria.

Unha vez aprobados estes estatutos se elixirá nova Xunta Directiva. O número de compoñentes poderá ser par ou impar, e se no momento de realizar votacións houbera un empate, resolveríase sempre co voto de calidade do presidente. A dita elección poderá efectuarse na mesma Asemblea ou convocar outra nun prazo máximo dun mes.




O dito prazo se contará desde o día seguinte ó desta convocatoria e a Xunta Directiva vixente actuará de forma provisional. En todo caso, este documento será rexistrado no Organismo competente, despois da súa aprobación.

Disposición derogatoria. Estes estatutos derrogan os aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria de 22/05/2004 –estatutos visados o 15/09/2004 co nº de rexistro 2004/007716-1(SC), e tódolos acordos de Xunta Directiva así como calquera outra disposición que os contradiga.



Disposición final.

Estes estatutos serán válidos e entrarán en vigor unha vez que sexa nomeada unha Xunta Directiva acorde coa nova regulación.





Don Diego González Lesta, na súa calidade de secretario da asociación, Sementeira Cambre, fai constar que estes estatutos foron modificados na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 22/03/2013.

Sinatura do secretario e selo da asociación.



Sigrás - Cambre, 22 de Marzo de 2013.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación 2004/7716-1^a

Santiago de Compostela

13 NOV. 2013

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO



María Amadora Rodríguez Carreira